

Unha cita con Arxentina

Description

O culebrón protagonizado polo Fondo Monetario Internacional (FMI) e Arxentina, nesta pasada semana -coa sombra dos EEUU tras dos acordos- pasará á historia por lembrar o que son as sobras dun triste episodio de crise no país sudamericano e máis por definir os límites do respecto das regras dunha das máis relevantes institucións internacionais, o FMI, que xunto co Banco Mundial é o ferro candente ó que amarrarse en caso de última necesidade.

A principal misión do FMI é a intervención financeira co obxectivo de rescatar as economías en profunda crise tal e como aconteceu no 94 con México, e con Arxentina no 2001, e volvelas ó camiño do crecemento e da prosperidade. Sen embargo neste caso as negociacións se centraron fundamentalmente en dous ámbitos cun compoñente que non soe ser habitual e que marca a singularidade co caso. En primeiro lugar, o pagamento de 3,1 billóns do empréstimo ó Estado Arxentino -ata aquí todo é normal- e en segundo lugar, a cuestión do impago de 82 billóns de dólares en bonos do Estado hai dous anos atrás, logo da repentina crise do 2001. De facto, daquela o FMI fixo a vista gorda impoñendo como condición que Arxentina levada pola boa fe se fixese un esforzo por chegar a un acordo cos acredores.

Dende entón, os datos macroeconómicos falan dunha economía puxante, cun crecemento do 7,8% (cifras non lonxe da economía china) e dunha inflación do 2,6%. Sen embargo, o dialogo estivo sempre na recámara co cal é difícil xustificar isto como boa fe dentro das instancias do FMI. Algúns Estados membros da Unión Europea ou o Xapón, amais dos EEUU, están detrás das negociacións da semana pasada xa que contan cunha boa parte destes acredores da débeda Arxentina.

En realidade, o FMI pode forzar a situación negándose a conceder novos empréstimos en caso de que sexan necesarios, a menos que o goberno de Néstor Kirchner chegue a un acordo cunha alta porcentaxe dos propietarios dos bonos, un 70 ou un 80 % por poñer por caso. Pero estes acredores non están dispostos a negociar un prezo por debaixo dos 65 céntimos por dólar, mentres que o ministro de economía, Roberto Lavagna, non ofrece que 25 céntimos por dólar poñendo unha fronteira do 40% dos acredores como máximo.

Baixo presións sociais en Arxentina, Néstor Kirchner puido pensar en faltar ás citas co FMI o que preocuparía nos despachos de FMI logo de que o impago dun Estado como o arxentino represente o 15% dos fondos prestados polo FMI, o que podería axitar as contas da institución, e faría que os gobernos membros do FMI comece a se preguntar cómo se fan os empréstimos...

Sen embargo, como vimos FMI non está só; o pasado cumio do G7 envioulle unha mensaxe ó goberno arxentino: Arxentina ten que entenderse constructivamente cos seus acredores para poder alcanzar un alto grado de participación na reestructuración do país.

En realidade as relacións fóronse tensando a través da insistencia -do FMI co amparo dos EEUU- nunhas negociacións cada vez máis serias para chegar a un campo común de entendemento que posibilitase un acordo. E aínda que dende Arxentina se vangloriaban de ter conseguido os servizos do FMI sen se ver obrigados a novas condicións, o feito é que o goberno arxentino empezou por recoñecer representantes dos accionistas estranxeiros e o comezo das negociacións.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Marzo 16, 2004

Meta Fields

Autoria : 3746

Datapublicacion : 2004-03-16 00:00:00